

FASCISMO E NAZISMO



FASCISMO E NAZISMO

Nos anos vinte vai xurdir un novo tipo de réxime político: a ditadura fascista ou nazi. Caracterízase pola ausencia de dereitos da poboación e a submisión da sociedade ao partido único dirixido por un líder mesiánico.




FASCISMO ITALIANO

As orixes

O descontento en Italia co acordado nos tratados que puxeron fin á I GM (*Irredentismo*), xunto ao medos dos empresarios e o rei ao trunfo das ideas bolxeviques foron factores decisivos na subida ao poder do pequeno partido fascista de Mussolini.



Cartel irredendista



Fascistas paseando a un deputado comunista, 1922

- Explica o significado do cartel 'irredentista'
- Por que 'pasean' os fascistas ao deputado comunista? que estarían pensando nese momento os espectadores da humillación? e o deputado? e os fascistas?
- Por que apoiaron os empresarios aos fascistas? que beneficios esperaban sacar dese apoio?

FASCISMO ITALIANO

A 'marcha sobre Roma'

A finais de 1922 os fascistas organizan un golpe de estado: a 'marcha sobre Roma'. Milleiros de camisas negras toman os centros de poder e o rei, coa complicidade do exército, deixa o poder en mans de Mussolini.



Mussolini na 'Marcha sobre Roma', 1922



Certificado fascista, de ter participado na 'Marcha sobre Roma'


FASCISMO ITALIANO

O poder total

Mussolini conseguiu plenos poderes que lle permitiron desmontar o aparato liberal e transformar Italia nunha ditadura. Mediante a violencia o Partido Fascista elimina ou cala toda oposición, condenada ao exilio, ao cárcere ou a morte.



Barricada antifascista en Parma, 1922



Caricatura do Becco Giallo: Mussolini sobre o cadaleito de Matteotti, asasinado polos fascistas



Visión satírica da toma do poder por Mussolini, 1924

FASCISMO ITALIANO

Tratado de Letrán

O Vaticano asinou en 1929 un Tratado co Estado fascista polo que se recoñecía a independencia da Santa Sede, se lle daba unha compensación económica e se facía obrigatoria a ensinanza da doutrina católica.



Mussolini asina o Tratado de Letrán, 1929



O Papa, Mussolini e o rei




Recordo do Tratado co rei, o Papa e Mussolini

- Que idea pretenden transmitir os 'recordos' do Tratado de Letrán?
- Que gañaba a Igrexa con este Tratado? e Mussolini? e o rei?
- Cres que actuou ben a Igrexa asinando un Tratado cun réxime fascista? por que?
- Que postura debería ter tomado a Igrexa católica coa Ditadura se seguise os principios da súa doutrina?

FASCISMO ITALIANO

a invasión de Abisinia

En 1935 o exército italiano, na procura de prestixio colonial, invadiu Etiopía (Abisinia) sen que as sancións ditadas pola Sociedade de Nación tivesen ningún efecto.



Cartel fascista, 1936



Viñeta sobre as sancións da SDN, 1935

FASCISMO ITALIANO

A Guerra Mundial

En xuño de 1940 Italia entra na guerra xunto ao seu aliado, a Alemaña nazi.



NAZISMO ALEMÁN

orixes

as

O nacionalsocialismo naceu entre un grupo de antigos combatentes da I Guerra Mundial, que consideraron a derrota unha traizón dos políticos e consideraban unha humillación o Tratado de Versalles. O antisemitismo, o extremismo nacionalista e o antiparlamentarismo forman parte da súa ideoloxía.



Cartel alemán denunciando o Tratado de Versalles, 1919




Acto nacionalsocialista con Hitler, 1920

NAZISMO ALEMÁN


o putsch da

cervexería

En 1923, ano da ocupación francesa do Ruhr, os nazis organizaron un golpe de estado en Baviera, que fracasou. Os dirixentes, entre os que se atopaba Hitler, son encarcerados.



Cartel nazi, 1923



Dirixentes nazis preparando o golpe, 1923



Tropas na rúa de Munich, 1923

NAZISMO ALEMÃO


Mein

Kampf

No cárcere, Hitler ditou a seu chófer a sua autobiografia, onde se recollen as ideas principais do nazismo.



Hitler no castelo de Landsberg co chófer e Hess, entre outros, 1924



NAZISMO ALEMÁN

a crise

do 29

Alemaña sufriu unha enorme crise como consecuencia do Crack de Wall Street, millóns de obreiros quedaron sen traballo. Neste contexto, o pequeno partido nazi pasou de 12 escanos en 1929 a 230 en 1932.



Liberar Saxonia dos marxistas, 1930



Traballo e pan, cartel electoral de 1932

- Como se trata aos marxistas no cartel da esquerda? como rivais ou como inimigos? como se queren 'liberar' deles?
- Por que o cartel da dereita ofrece traballo e pan? que estaba pasando en Alemaña?
- Cres que sen a crise de 1929 os nazis terían subido tanto en apoio electoral? que buscaba neles a xente que os votou? por que aos seus votantes non lle 'importou' a súa ideoloxía?
- Pensas que hoxe pode subir un partido fascista ao poder en Europa? que factores poderían favorecer o seu trunfo? ti votarías a algún partido fascista nunha situación de crise? por que?

NAZISMO ALEMÁN


poder

a chegada ao

En xaneiro de 1933 o presidente Hindenburg encargoulle formar goberno a Hitler. Co apoio da gran industria e do exército implantou un sistema totalitario: en xullo estableceuse o partido único e creáronse os primeiros campos de concentración.



Incendio do Reichstag, febreiro 1933



Reichstag, Hitler consegue plenos poderes, marzo 1933



Presos vixiados pola SA no campo de Oranienburg, 1933

NAZISMO ALEMÁN

a 'noite dos coitelos

longos'

En xuño de 1934 Hitler ordena ás SS, paramilitares do Partido Nazi, a captura e o asasinato de moitos dos membros das SA, outra organización policial dos nazis que cuestionaba o poder absoluto de Hitler.



Agora saúdan coas dúas mans; David Low, xullo 1934



Noite dos coitelos longos, 1934



Cartel das SA, 1934

NAZISMO ALEMÁN


Mundial

cara a II Guerra

A partir da chegada dos nazais ao poder estes incumpriron sistematicamente o Tratado de Versalles (rearme, anexión de Austria e Bohemia...) ante a tolerancia das potencias europeas. A alianza entre Alemaña, Xapón e Italia, o Eixe, anunciaba a Guerra.



Renania é libre!, 1936



Mussolini e Hitler



Un pobo, un Imperio, un líder, 1938 despois do Anschluss

OS RÉXIMES TOTALITARIOS

o Duce



BENITO MUSSOLINI
ama molto i bambini.
I bimbi d'Italia amano
molto il Duce.

VIVA IL DUCE!




Saluto al Duce:


A noi!



OS RÉXIMES TOTALITARIOS

o Duce







OS RÉXIMES TOTALITARIOS

a propaganda



Goebbels, Minsitro de Propaganda nazi, 1933



Leni Riefenstahl, cineasta ao servizo da propaganda nazi



Inauguración dos estudos de Cinecitta por Mussolini, 1937: o cine, a arma máis forte

OS RÉXIMES TOTALITARIOS

a propaganda



Concentración nazi en Nuremberg, años 30



Concentración fascista en Roma, 1940

OS RÉXIMES TOTALITARIOS

propaganda os Xogos de 1936



Inauguración dos Xogos Olímpicos de Berlín, 1936




Jesse Owens, ouro en velocidade e lonxitude, 1936

OS RÉXIMES TOTALITARIOS

a violencia




Queima de libros 'non-alemáns' en Berlín, 1933



Militantes de esquerdas detidos despois do incendio do Reichstag polos nazis

OS RÉXIMES TOTALITARIOS

o racismo



OS RÉXIMES TOTALITARIOS

o racismo

Non vi possono essere ebrei...



...nelle amministrazioni militari e civili



...nel Partito



...negli Enti provinciali e comunali



...negli Enti parastatali



...nelle banche



...nelle assicurazioni



Gli ebrei non possono...



...prestare servizio militare



...esercitare l'ufficio di tutore



...essere proprietari di aziende interessanti la difesa nazionale



...essere proprietari di terreni e di fabbricati




...avere domestici ariani



Expulsione degli ebrei stranieri



Cartel anti-xudeu 1937



Medicións para 'mellorar' a raza, 1933



Xudeu humillado nas rúas de Berlín, anos 30

OS RÉXIMES TOTALITARIOS



as mulleres







OS RÉXIMES TOTALITARIOS

a educación



OS RÉXIMES TOTALITARIOS

a educación



PARTE I.

L'OPERA BALILLA

1) IL GIURAMENTO DEL BALILLA

Nel nome di Dio e dell' Italia giuro di eseguire gli ordini del DUCE e di servire con tutte le mie forze e, se è necessario, col mio sangue, la Causa della Rivoluzione fascista.



Il Fascista che giura non appartiene più a se stesso ma al DUCE e alla causa della Rivoluzione fascista, così come per il DUCE e per la Rivoluzione morirono i tremila Martiri fascisti.

- 9 -

